

**1. Identificación da programación****Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023466	Lamas de Abade	Santiago de Compostela	2017/2018

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CMSAN02	Farmacia e parafarmacia	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesiões semanais	Horas anuais	Sesiões anuais
MP0061	Anatomofisioloxía e patoloxía básicas	2017/2018	0	107	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	CARMEN OTERO PÉREZ, MARÍA ELENA PORTO MIRAS
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Describe a organización xeral do corpo humano e identifica as unidades estruturais que o conforman en relación coa súa especialización.
RA2 - Localiza estruturas anatómicas en función dos sistemas convencionais de topografía corporal.
RA3 - Identifica e describe os elementos da doenza en relación coas manifestacións clínicas.
RA4 - Describe a estrutura do sistema nervioso e do aparello locomotor en relación coa súa función e coas doenzas máis frecuentes.
RA5 - Describe a estrutura dos aparellos cardiocirculatorio, respiratorio e do sangue en relación coa súa función e coas doenzas máis frecuentes.
RA6 - Describe a estrutura dos aparellos dixestivo e renal en relación coa súa función e coas doenzas máis frecuentes.
RA7 - Describe a estrutura dos sistemas inmunolóxico e endócrino, así como do aparello reprodutor, en relación coa súa función e coas doenzas máis habituais.

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Detállouse a xerarquía desde a célula ao sistema.
CA1.2 Descríronse a estrutura e a fisioloxía celulares.
CA1.3 Clasifícanse os tipos de tecidos.
CA1.4 Detálláronse as características xerais dos tipos de tecidos.
CA1.5 Enunciáronse os sistemas do organismo e a súa composición.
CA2.1 Definiuse a posición anatómica.
CA2.2 Descríronse os planos anatómicos.
CA2.3 Aplicouse a terminoloxía de posición e dirección.
CA2.4 Enumeráronse e localizáronse as rexións corporais.
CA2.5 Detálláronse e localizáronse as cavidades corporais.
CA2.6 Relacionáronse as estruturas anatómicas, os órganos e os sistemas, coa cavidade en que estean situados.
CA2.7 Indicáronse os compoñentes das rexións anatómicas.
CA3.1 Definíronse os conceptos de saúde e doenza.
CA3.2 Descríbiuse o proceso dinámico da saúde á doenza.
CA3.3 Detálláronse os fundamentos da patoloxía xeral.
CA3.4 Citáronse as fases da doenza.



Criterios de avaliación do currículo

CA3.5 Descríbense os cambios básicos das fases da doenza.

CA3.6 Descríbense as actividades clínicas relacionadas coa patoloxía.

CA3.7 Utilízase con precisión a terminoloxía específica.

CA4.1 Detállanse as bases anatomofisiolóxicas do sistema nervioso.

CA4.2 Relacionáronse as actividades nerviosa, muscular e sensorial.

CA4.3 Descríbense as bases anatomofisiolóxicas dos órganos dos sentidos.

CA4.4 Defínense as manifestacións e as doenzas neurolóxicas máis frecuentes.

CA4.5 Descríbiuse a estrutura dos ósos.

CA4.6 Clasifícanse os ósos.

CA4.8 Descríbense os tipos e as características das articulacións.

CA4.10 Descríbense a estrutura e os tipos dos músculos esqueléticos.

CA4.12 Detállanse as lesións e as doenzas osteoarticulares e musculares máis frecuentes.

CA5.1 Detállanse as bases anatomofisiolóxicas do sistema cardiocirculatorio.

CA5.3 Detállanse os parámetros funcionais do corazón e da circulación.

CA5.4 Descríbense as doenzas cardíacas e vasculares máis frecuentes.

CA5.5 Defínense as características anatomofisiolóxicas do aparello respiratorio.

CA5.6 Descríbense as manifestacións patolóxicas e as doenzas respiratorias máis frecuentes.

CA5.7 Enumeráronse os compoñentes sanguíneos e a súa función.

CA5.8 Descríbense os trastornos sanguíneos máis frecuentes.

CA6.1 Descríbense as bases anatomofisiolóxicas do aparello dixestivo.

CA6.2 Detállanse as características da dixestión e do metabolismo.

CA6.3 Defínense as manifestacións patolóxicas e as doenzas dixestivas máis frecuentes.

CA6.4 Descríbense as bases anatomofisiolóxicas do aparello renal.

CA6.5 Analízase o proceso de formación dos ouriños.

CA6.6 Descríbense as doenzas renais e os trastornos urinarios máis frecuentes.

CA7.1 Descríbense as bases anatomofisiolóxicas do sistema endócrino.

CA7.2 Clasifícanse as alteracións endócrinas máis frecuentes.



Criterios de avaliación do currículo
CA7.3 Descríbóronse as características anatómicas do aparello xenital feminino.
CA7.4 Relacionouse o ciclo ovárico co ciclo endometrial.
CA7.5 Descríbiuse o proceso da reprodución.
CA7.6 Citáronse as alteracións patolóxicas máis frecuentes do aparello xenital feminino.
CA7.7 Descríbóronse as características anatómicas e funcionais do aparello xenital masculino.
CA7.8 Citáronse as alteracións patolóxicas máis frecuentes do aparello xenital masculino.
CA7.9 Analizáronse as características do sistema inmunolóxico.
CA7.10 Citáronse as alteracións da inmunidade.

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA2 - Localiza estruturas anatómicas en función dos sistemas convencionais de topografía corporal.
RA3 - Identifica e describe os elementos da doenza en relación coas manifestacións clínicas.
RA4 - Describe a estrutura do sistema nervioso e do aparello locomotor en relación coa súa función e coas doenzas máis frecuentes.
RA5 - Describe a estrutura dos aparellos cardiocirculatorio, respiratorio e do sangue en relación coa súa función e coas doenzas máis frecuentes.

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA2.1 Definiuse a posición anatómica.
CA2.3 Aplicouse a terminoloxía de posición e dirección.
CA2.4 Enumeráronse e localizáronse as rexións corporais.
CA3.7 Utilizouse con precisión a terminoloxía específica.
CA4.6 Clasificáronse os ósos.
CA4.7 Localizáronse os ósos no esqueleto.
CA4.9 Distinguíronse os movementos das articulacións.
CA4.11 Identificáronse os músculos da anatomía.
CA5.2 Localizáronse os principais vasos sanguíneos e linfáticos.

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS EXIXIBLES

Serán a totalidade de resultados de aprendizaxe (RA) e de contidos (BC) indicados no currículo do ciclo medio de Farmacia e parafarmacia (Decreto 40/2010) para o módulo de Anatomofisioloxía e patoloxía básicas

RA1 - Describe a organización xeral do corpo humano e identifica as unidades estruturais que o conforman en relación coa súa especialización.

BC1. Recoñecemento da organización xeral do organismo humano

Análise da estrutura xerárquica do organismo.

Estrutura e función da célula.

Concepto, clasificación e función dos tecidos.

Clasificación dos sistemas e dos aparellos do organismo.

Relación entre estrutura e función.

RA2 - Localiza estruturas anatómicas en función dos sistemas convencionais de topografía corporal.

BC2. Identificación e localización das

estruturas anatómicas do corpo humano

Anatomía topográfica e funcional.

Posición anatómica. Planos e eixes.

Terminoloxía anatómica.

Localización das rexións e das cavidades corporais

RA3 - Identifica e describe os elementos da doenza en relación coas manifestacións clínicas.

BC3. Identificación dos aspectos xerais da patoloxía

Concepto de saúde e doenza.

Análise da etioloxía, a patoxenia, a fisiopatoloxía e a semioloxía da doenza.

Fases e evolución da doenza.

Cambios básicos no curso da doenza.

Clínica da doenza: diagnóstico, pronóstico e terapéutica.

RA4 - Describe a estrutura do sistema nervioso e do aparello locomotor en relación coa súa función e coas doenzas máis frecuentes.

BC4. Recoñecemento da estrutura, o funcionamento e as doenzas do sistema nervioso, dos órganos dos sentidos e do aparello locomotor

Anatomía topográfica e funcional do sistema nervioso.

Relacións entre a actividade nerviosa, a muscular e a sensorial.

Identificación dos órganos dos sentidos.

Clasificación das manifestacións e das doenzas neurolóxicas máis frecuentes.

Identificación da estrutura do óso.

Disposición e nomenclatura dos ósos do esqueleto.

Estudo das articulacións e dos movementos articulares.

Estudo dos músculos e da actividade motora.

Clasificación das lesións e das doenzas osteoarticulares e musculares.

RA5 - Describe a estrutura dos aparellos cardiocirculatorio, respiratorio e do sangue en relación coa súa función e coas doenzas máis frecuentes.

BC5. Recoñecemento da estrutura, o funcionamento e as doenzas dos aparellos cardiocirculatorio e respiratorio, así como do sangue

Bases anatomofisiolóxicas do corazón.



Distribución anatómica dos principais vasos sanguíneos e linfáticos.

Análise da circulación arterial e venosa.

Pulso arterial e transmisión da onda do pulso.

Determinación dos parámetros funcionais do corazón e da circulación.

Estudo da patoloxía cardíaca e vascular.

Anatomía do aparello respiratorio.

Fisioloxía da respiración e ventilación pulmonar.

Clasificación das manifestacións patolóxicas e das doenzas respiratorias.

Estudo do sangue. Grupos sanguíneos. Hemostasia.

Clasificación dos trastornos sanguíneos.

RA6 - Describe a estrutura dos aparellos dixestivo e renal en relación coa súa función e coas doenzas máis frecuentes.

BC6. Recoñecemento da estrutura, o funcionamento e as doenzas dos aparellos dixestivo e renal

Anatomofisioloxía dixestiva.

Análise do proceso de dixestión e metabolismo.

Clasificación das manifestacións patolóxicas e das doenzas dixestivas.

Anatomofisioloxía renal e urinaria.

Análise do proceso de formación dos ouriños.

Clasificación das manifestacións patolóxicas e das doenzas renais e urinarias.

RA7 - Describe a estrutura dos sistemas inmunolóxico e endócrino, así como do aparello reprodutor, en relación coa súa función e coas doenzas máis habituais.

BC7. Recoñecemento da estrutura, o funcionamento e as doenzas dos sistemas endócrino e inmunolóxico, así como do aparello reprodutor

Análise da acción hormonal.

Bases anatomofisiolóxicas do sistema endócrino.

Estudo da patoloxía endócrina.

Bases anatomofisiolóxicas dos aparellos xenitais feminino e masculino.

Reproducción humana.

Clasificación das manifestacións patolóxicas e das doenzas dos aparellos xenitais masculino e feminino.

Bases anatomofisiolóxicas do sistema inmunitario.

Clasificación das alteracións do sistema inmunitario.

CRITERIOS DE CUALIFICACION

A primeira parte da proba consistirá na resolución dun cuestionario con 80 preguntas tipo test con 4 posibles respostas das cales so unha e a correcta e 5 preguntas de reserva que serán contestadas na mesma forma que o resto das preguntas en previsión de posibles anulacións (elaboradas a partires dos contidos do módulo e tendo en conta os resultados de aprendizaxe cuxa adquisición será motivo de avaliación). As preguntas test mal contestadas puntuarán negativo, cunha proporción de 3:1 (é dicir, cada 3 preguntas test mal contestadas, computará un punto negativo). Para a superación desta proba, o alumnado deberá acadar o 60% das preguntas correctamente contestadas unha vez realizados os descontos dos negativos e que corresponderá a un 5.

A segunda parte da proba consistirá na resolución dunha serie de supostos prácticos (maquetas anatómicas, esqueleto, láminas de estruturas corporais ou no seu propio corpo) nos que alumno/a debe resolver correctamente as cuestións que se lle formulan en relación á materia. Para a superación da proba, que ten carácter eliminatorio, o alumnado deberá acadar o 60% da proba correctamente realizada, o que equivale a un 5, o resto de puntos prorratearanse proporcionalmente.



4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

Esta parte da proba consistirá na resolución dun cuestionario con 80 preguntas tipo test con 4 posibles respostas das cales so unha e a correcta e 5 preguntas de reserva que serán contestadas na mesma forma que o resto das preguntas en previsión de posibles anulacións (elaboradas a partires dos contidos do módulo e tendo en conta os resultados de aprendizaxe cuxa adquisición será motivo de avaliación). Dito cuestionario será entregado ó alumnado nun documento impreso que non poderá ser desgrapado nin se lle poderán incorporar ao mesmo documentos alleos ao proceso.

As preguntas test mal contestadas puntuarán negativo, cunha proporción de 3:1 (é dicir, cada 3 preguntas test mal contestadas, computará un punto negativo).

Para a superación desta proba, o alumnado deberá acadar o 60% das preguntas correctamente contestadas unha vez realizados os descontos dos negativos e que corresponderá a un 5.

A duración da proba teórica será de 2:00 h.

Para a realización da proba será necesario o uso de bolígrafo azul ou negro de tinta indeleble.

Non se permitirá o acceso á aula da proba de móbiles nin de ningún outro dispositivo electrónico.

Será necesaria a identificación mediante o DNI ou pasaporte, que deberá estar a disposición do profesorado, enriba da mesa.

Non se permitirá o acceso á proba unha vez finalizado o proceso de chamamento público do/a alumno/a.

Non se permitirá o abandono da aula ata transcorridos 30 minutos do inicio do exame.

Ao remate do exame o alumno ou a alumna entregará o cuestionario de preguntas no que deben constar os seus datos, a folla de respostas asinada e calquera outro papel utilizado.

Calquera irregularidade durante a realización da proba por parte do alumno ou alumna, pode implicar a súa expulsión da mesma.

4.b) Segunda parte da proba

Consistirá na resolución dunha serie de supostos prácticos (maquetas anatómicas, esqueleto, láminas de estruturas corporais ou no seu propio corpo *¿*) nos que alumno/a debe resolver correctamente as cuestións que se lle formulen en relación á materia.

A duración da proba dependerá do número de aspirantes que accedan a ela, pero non excederá os 20 minutos por cada alumno ou alumna.

Para a superación da proba, que ten carácter eliminatorio, o alumnado deberá acadar o 60% da proba correctamente realizada, o que equivale a un 5, o resto de puntos prorratearanse proporcionalmente.

Será necesaria a identificación mediante o DNI ou pasaporte, que deberá estar sobre a mesa a disposición do profesorado.

Non se permitirá o uso de móbiles nin de ningún outro dispositivo electrónico.

Non se permitirá o acceso á proba unha vez finalizado o proceso de chamamento público do/a alumno/a.

Calquera irregularidade durante a realización da proba por parte do alumno ou alumna, pode implicar a súa expulsión da mesma..